

EL PROGRESO

ESCOLA dEPrensa



OS MESTRES DO CENTRO GARDAN BO RECORDO

Pedro Maseda garda boísimos recordos da súa etapa profesional na Pastoriza

O colexio O Salvador celebra corenta anos de historia

O colexio O Salvador de A Pastoriza está de aniversario e para celebralo a ANPA organizou unha comida na que participaron distintas xeracións de alumnado e profesorado

O centro de educación infantil e primaria estivo de festa celebrando o se 40 aniversario cunha gran comida.

Este colexio abriu o 7 de febreiro de 1977 co nome de colexio Comarcal Mixto de A Pastoriza ata que lle cambiaron o nome fai 15 anos por CEIP O Salvador.>7



Alumnado, profesorado e persoal non docente do CEIP O Salvador neste curso académico.

Na Pastoriza destaca a gandaría

Na Pastoriza a maior parte da xente dedícase a gandaría, ben dedicada á produción leiteira como cárnica. Por tanto, na Pastoriza destaca o número de cabezas de gando que hai, moito máis numerosas que os que hai noutros concellos da provincia de Lugo.

Encóntranse gandarías como: SAT Rey de Miñotelo, SAT Os Foros, SAT Os Penedos, SAT Teixeira... >3


CONCELLO NA PAISAXE DA PASTORIZA É VERDE E NELA DESTACAN OS BOSQUES E, SOBRE TODO, OS PRADOS, QUE SERVEN DE PASTO PARA O GANDO, DE AÍ O SEU NOME >1

DEPORTE OS NENOS/AS DA PASTORIZA PARTICIPAN NOS XOGOS DA MANCOMUNIDADE. TODOS OS ANOS SE CELEBRAN OS XOGOS DAMANCOMUNIDADE DA TERRA CHÁ EN DISTINTOS CONCELLOS QUE FORMAN PARTE DA MESMA: ABADÍN, CASTRO DE REI, COSPEITO, APASTORIZA E OUTEIRO DE REI. >21

NUEVO ENVASE TETRA EDGE

Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico.

LEYMA
natura



No CEIPO Salvador homenaxeán a Carlos Casares no Día das Letras Galegas

O alumnado de quinto e sexto fixo unha exposición sobre a vida e obra de Carlos Casares na biblioteca do centro. >24



LARAPETO, mascota da biblioteca

O Concello da Pastoriza conta con numerosos atractivos para o turismo

O concello da Pastoriza inicia a recuperación do Castro de Saa



Fonmiñá, lugar de nacemento do río Miño.

Dende o concello queren recuperar o patrimonio da zona, xa que debe conservarse e potenciarse o seu coñecemento, non só para a xente da zona, senón para xente doutros lugares.

No castro están traballando arqueólogos realizando diferentes tarefas como a excavación dunha casa ou a recuperación de restos, sobre todo de cerámica.

Os nenos e nenas do colexio O Salvador puidemos ver moi de cerca este traballo nunha saída realizada no primeiro trimestre.

A paisaxe da Pastoriza é verde e nela destacan os bosques e, sobre todo, os prados, que serven de pasto para o gando, de aí o seu nome

REDACCIÓN / DANAILYS ALFONSO, PABLO ARIAS E DANIEL VIÁN

O concello da Pastoriza pertence á provincia de Lugo e á comarca da Terra Chá. Limita co municipio de Mondoñedo ao norte, ao oeste co de Abadín, ao leste co de Riotorto, ao sur co de Pol, ao suroeste co de Meira e ao sudoeste co de Castro de Rei máis co de Cospeito, todos eles lucenses.

O concello da Pastoriza ten unha extensión de 175 km e unha poboación duns 3200 habitantes que se distribúen nas catorce parroquias que o conforman: Aguarda, Alvare, Baltar, Bretoña, Cadavedo, Crecente, Fonmiña, Gueimonde, Lagoa, Loboso, Pastoriza, Pousada, Rigueira, Saldanxe, Reigosa, San Cosme de Piñeiro, San Martiño de Corvelle, Úbeda e Vián. O lugar da Pastoriza da parroquia homónima é a capital

municipal. A paisaxe é verde e nela destacan os bosques e, sobre todo, os prados, que serven de pasto para o gando, de aí o nome: A Pastoriza. Os primeiros restos atopados

Fonmiñá, o nacemento do Miño

Na lagoa de fonmiñá, que é coñecida historicamente como o nacemento do río Miño, poderemos ver pitas de auga, nadar e contemplar un fenómeno natural case único en Galicia: centos de burbullas coñecidas como "Os ollos do Miño" soben á superficie da auga permanentemente.

Este lugar onde nace o río Miño e que conta cunha fermosa área recreativa.

Conta ademais coa ruta de sendeirismo "Augas de Fonmiñá" (ida e volta 25 km). Esta ruta parte da lagoa de Fonmiñá ata a Praia fluvial de Baltar.

no concello son da época prehistórica, coma os castros

que hai no concello. Da época romana case non hai restos. Durante os séculos V e VI chegaron a estas terras habitantes das illas Británicas. Estes fundaron Britonia, chamándose agora Betoña. Pero despois da invasión musulmana destruíuse este centro.

Nos séculos seguintes esta terra pasaa pertencera Mondoñedo e aos mosteiros de Meira e Lourenzá.

Xa no ano 1812 produciuse a creación de Vián como concello, e en 1822 coa división en provincias incorpórase á de Lugo. En 1840 o noso concello pasa a chamarse A Pastoriza.

Dende o punto de vista demográfico, A Pastoriza, con pouco máis de 4.000 habitantes no ano 1991, presenta unha densidade de poboación de 24'52 habitantes por kilómetro cadrado.

Neste concello atopamos moitos puntos paisaxísticos: o Campo do Oso, o Val de Vián ou a Cruz da Cancela.





Lugares da Pastoriza que se deben visitar

REDACCIÓN / DANAILYS ALFONSO, PABLO ARIAS E DANIEL VIÁN

Un deses lugares é o Castro de Saa situado entre as parroquias de Baltar e crecente. Este castro, tal e como se ve na imaxe, ten forma de ondas circulares.



Tamén conta cunha praia fluvial en Baltar, que se pode ver na imaxe da dereita.

Conta tamén cun circuío de Karts onde se realizan probas do campionato galego de karting, ademais de cursos de condución.





NA PASTORIZA DESTACA A GANDARÍA

REDACCIÓN / LORENA, ÁLEX E DANIEL IGLESIAS

Na Pastoriza a maior parte da xente dedícase a gandaría, ben dedicada á produción leiteira como cárnica. Por tanto, na Pastoriza destaca o número de cabezas de gando que hai, moito máis numerosas que os que hai noutros concellos da provincia de Lugo. Encóntanse gandarías como: SAT Rey de Miñotelo, SAT Os Foros, SAT Os Penedos, SAT Teixeira... Moitas destas gandarías son familiares, aínda que hai outras nas que diferentes familias se uniron para traballar xuntas. Algunhas teñen vacas de carne e outras vacas de leite. Para estes e outros gandeiros do concello supuxo un cambio moi grande a concentración parcelaria, que cambiou a forma de traballar. Moitos traballos da gandaría son: amañar as camas das vacas, facerlles e botarlles a comida, varrer o pasillo de alimentación, traballar na agricultura, ordeñar as vacas, darlles o leite aos tenreiros ... Uns grandes traballos!

A xente do concello da Pastoriza tamén é amante da raza equina, pois son moitos os cabalos que habitan nas nosas parroquias. Nos montes limítrofes con Mondoñedo hai moitos cabalos e sempre se celebra a Rapa das Bestas a finais de Xuño, unha festa que boa parte da xente da Pastoriza non quere perder.





Como se ensila a herba?

Os traballos de antes de ensilar, ensilando e despois de ensilar dan que facer.

REDACCIÓN / LORENA, ÁLEX E DANIEL IGLESIAS

Primeiro plántase a herba, despois cando madura ségase, exténdese e xúntase para despois ser recollida por tractores con remolques e unha picadora. A herba métese no silo e tápase cunha lona e deixase fermentar. Despois nos prados onde se recolleu a herba bótase unha capa de bosta e árase. Despois se saen moitas pedras ao arar estas recóllense. Finalmente toca sementar outro material como por exemplo o maíz. E unha vez que se recolle o maíz volve a comezar o proceso de sementar a herba. Ás veces ás fincas deixaselles descansar, o que se coñece como barbeito. Fai tempo recollíase herba verde para o gando pero hoxe en día o principal alimento das vacas de leite é a coñecida como "mezcla", na que, como o nome indica se mezclan diferentes alimentos como silo e pienso.



Quen fai o traballo?

Na Pastoriza hai algunhas empresas de servizos agrícolas que son o eixo fundamental na época de ensilado, o que eles denominan "a campaña". Algunhas das que atopamos na Pastoriza son "O Caseiro" e "O Ramudo".



Cando se ensila?

Depende, por suposto, do tempo e da zona na que nos atopemos. En xeral, a herba acostuma ensilarse a mediados de abril e durante o mes de maio (podendo facer ensilados de diferentes cortas de herba dunha mesma finca). Por outra parte, o maíz recóllese durante o mes de setembro ou outubro. Estas forraxes supoñen o principal sustento das gandarías galegas. No verán é común recoller a herba seca, que se almacena en rolos ou alpacas de diferentes tamaños. Os gandeiros están todo o ano traballando!



A MOEXMU TEN UN CLARO GAÑADOR

A gandería pastoricense SAT Rey de Miñotelo obteu todos os premios importantes.

REDACCIÓN / LORENA, ÁLEX
E DANIEL IGLESIAS

Nesta feira, ademais do concurso de gando Frisona houbo unha feira onde se vendían diversos produtos: queixos, rosquillas, reloxos... Tamén houbo unha exposición de maquinaria agrícola. Pero o gran protagonista da feira foi o concurso de gando Frisona. O venres 7 de abril chegaron as vacas á feira, o sábado a mañá foi o campionato de xatas onde ganou Rey 691 Negara Mccutchen, da gandería Rey de Miñotelo e pola tarde o de vacas onde levou o primeiro premio a vaca gran campiona Rey 547 Sonrisa Sid.

O domingo pola mañá houbo o campionato de xóvenes manexadores e ao remate houbo a entrega de premios onde a gandería Rey de Miñotelo gañou todos os premios importantes: mellor vaca, mellor xata, mellor animal do concurso, mellor ubre, mellor rabaño, mellor criador, mellor descendencia e mellor concello.





As novas tecnoloxías no sector lácteo

No sector lácteo creáronse novas tecnoloxías que axudan ao traballo diario dos gandeiros.

REDACCIÓN / LORENA, ÁLEX E DANIEL IGLESIAS



No sector lácteo creáronse novos aparellos para facer máis fácil o traballo diario dos gandeiros. Fixéronse novos elementos como: robots de ordeño, arrimadores automáticos ou de gasolina para arrimarlles a comida as vacas e para varrer o pasillo de alimentación, creáronse salas rotatorias para que o ordeño sexa máis sinxelo e ademais inventáronse amamantadoras para darlle o leite os tenreiros. En fin as novas tecnoloxías axudan, e moito a os gandeiros.





Alumnado, profesorado e persoal non docente do CEIP O Salvador neste curso académico.

O colexio O Salvador celebra corenta anos de historia

O colexio O Salvador de A Pastoriza está de aniversario e para celebralo a ANPA organizou unha comida na que participaron distintas xeracións de alumnado e profesorado

REDACCIÓN / XAIRO OTERO,
LUCÍA MARÍA GARCÍA E
SILVIA VIDAL

O centro de educación infantil e primaria estivo de festa celebrando o se 40 aniversario cunha gran comida. Este colexio abriu o 7 de febreiro de 1977 co nome de colexio Comarcal Mixto de A Pastoriza ata que lle cambiaron o nome fai 15 anos por CEIP O Salvador.

Pola apertura deste centro tiveron que pechar moitas escolas unitarias que se repartían por gran parte do concello: Vian, Abegas, A Rigueira, San Cosme, Reigosa e A Pastoriza. Todos os nenos e nenas das unitarias, no primeiro curso un total de 320, pasaron á nova

AANPA ORGANIZOU UN
XANTAR NO QUE
PARTICIPARON MESTRES
E FAMILIAS

O 30 de abril tivo lugar un acto para conmemorar este aniversario e que consistiu nunha comida organizada pola ANPA na que participaron alumnos e alumnas de diferentes promocións. Ao xantar asistiron unhas 300 persoas, as cales tamén puideron contemplar unha exposición de fotografías antigas. O acto contou con animación para os máis pequenos que xogaron nas colchonetas instaladas. Os maiores puideron fotografarse nun "photocall" decorado con pupitres e libros doutras épocas.

escola que contaba con oito unidades de Educación Xeral Básica. As instalacións fixéronse pequenas para tanto alumnado, polo que os nenos e nenas de educación infantil permaneceron durante un tempo na casa do concello.

Os directores que pasaron polo colexio foron: José María Teijeiro Otero, María Alicia González García, Inés Cabado Díaz, Áurea Castro Conde e Pedro Maseda Freire o cal estivo 22 anos no colexio e a súa muller María Jesús Valiño, mestra de Pedagogía Terapéutica, 26 anos.

Grupos de teatro, clases de gaita ou plantacións de árbores son só algunhas das actividades que se desenvolveron nos 40 anos deste colexio.

Tamén contaban cunha emisora de radio, a cal collía bastante territorio. Nesta actividade participaban todos os nenos e nenas no recreo de pola mañá.

Alguns dos mestres que pasaron polo colexio recordan a experiencia como algo único, pois nel sentíron que formaban parte dunha gran familia.





O encontro contou cunha exposición de fotos antigas

REDACCIÓN / XAIRO OTERO, LUCÍA MARÍA GARCÍA E SILVIA VIDAL

A celebración contou cunha exposición de fotos antigas nas que os asistentes puideron atopar moitas caras coñecidas e recordar a infancia.



Ademais, durante a comida proxectouse un vídeo con imaxes e no que tamén interviron contando algunha anécdota varios alumnos das distintas promocións.





Recordando a infancia

REDACCIÓN / XAIRO OTERO, LUCÍA MARÍA GARCÍA E SILVIA VIDAL

Na celebración puideron reencontrarse compañeiros que levaban tempo sen verse, moitos por vivir lonxe da Pastoriza. Polo que a xornada estivo chea de recordos e emocións.





Un xantar que reuniu xeracións

REDACCIÓN / XAIRO OTERO, LUCÍA MARÍA GARCÍA E SILVIA VIDAL

O xantar que tivo lugar no polideportivo municipal fixo que avós, pais e fillos que pasaron polas mesmas aulas se reunisen e recordasen os tempos da escola e os cambios dos nenos e nenas, das mestras e mestres e do material da escola ao longo destes anos. A exposición de fotografías antigas foi unha das cousas que máis gustou do reencontro, nas imaxes pódense ver os paneis da exposición, así como as persoas que disfrutaron do xantar.



PEDRO MASEDA Meste xubilado do CEIP O Salvador

«O mellor de ser director foi poder axudar o máximo posible para que o colexio fose mellor»

Pedro Maseda foi mestre no CEIP O Salvador durante 22 anos e xubilouse no ano 2012 como director

REDACCIÓN / LUCÍA LUACES
E NOELIA VILLAMIL

Como era o colexio antes?

Era máis ou menos como agora, aínda que a pista de polideportiva estaba sen cerrar e había máis alumnos.

Cantos anos estiveches neste cento?

Estiven 22 anos.

Cantos alumnos había antes?

Uns 200.

Que era o que máis che gustaba de ser director?

Poder traer novas cousas ao colexio e estar en contacto con todos os pais e alumnos. O mellor de ser director foi poder axudar o máximo posible para que o colexio fose mellor.

Que era o máis difícil de ser director?

Todo era bastante fácil porque



Pedro Maseda e a súa muller, María Jesús, mestres xubilados do CEIP O Salvador.

había boa colaboración entre as familias, os profesores e alumnos.

Sempre houbo boa cooperación entre o concello, os veciños e os pais. Os alumnos eran moi bos e nunca deron problemas.

Como te organizabas para facer as cousas?

Coa axuda de todo o profesorado e quedándome a traballar fóra do horario escolar.

Cal foi a túa mellor experiencia no colexio?

Poñer a funcionar as escolas deportivas municipais, que aínda seguen hoxe en día, e mellorar as instalacións.

Os mestres que pasaron polo centro gardan moi bo recordo

Polas aulas do CEIP O Salvador pasaron centos de nenos e nenas e dúcias de mestres. O primeiro director foi José María Teijeiro Otero e, posteriormente, María Alicia González García. Os últimos en dirixir este colexio foron Inés Cabado Díaz, Áurea Castro Conde e Pedro Maseda Freire. Actualmente, o director do centro é Constantino Fernández Leira.

Pedro Maseda garda boísimos recordos da súa etapa profesional na Pastoriza e confirma que todos os mestres estiveron sempre implicados na educación dos pequenos e pequenas da Pastoriza.

A súa muller, María Jesús Valiño, tamén exerceu de mestra de Pedagogía Terapéutica durante 26 anos no centro. Ela recorda aos nenos da Pastoriza como nobres, bos, sanos e con todas as cualidades ao seu favor.





Firma da Constitución Española no ano 1978

ARROLLADOR SÍ Á CONSTITUCIÓN

O goberno respira un ambiente de moderado optimismo. País vasco, Galicia, Asturias y Canarias, a cabeza da abstención.

REDACCIÓN: NOELIA VILLAMIDE E LUCÍA LUACES.

MARTES, 6 DE DECEMBRO DE 1977

Ás primeiras horas da madrugada o 85% dos votos escrutados daban o sí a constitución, o 9,8 dicían o non e o 4,31 estaban en branco. Foi unha xornada tranquila.

En canto a Galicia, o 91 % das papeletas eran sí, o 4,36% non e o 3,5% estaban en branco. Tras unha xornada de declaracións políticas todos os líderes destacaron a importancia que supoñía o final da ditadura. Os altos cargos manifestaron o interese por firmar e cumprir a Constitución Española e iniciar un proceso democratico.

SILENCIO E EMOCIÓN

Duas mil persoas asistiron ao acto en memoria de Daniel Niebla e Amador Rey no cemiterio ferrolano de Catabois

Ano 1977

Unhas 2000 persoas asistiron ao acto de homenaxe póstumo no cemiterio de Catabois en recordo de Daniel Niebla e Amador Rei traballadores de Bazán mortos en tráxicos sucesos en Ferrol o 10 de marzo de 1972.

Sinalaron que nestes 5 anos pasados dende a morte de Daniel e Amador estes non foran esquecidos. Nesta situación predemocrática esta masiva asistencia ao cemiterio foi unha forma de expresar o seu desexo de que fosen creadas as condicións políticas e sociais que impedisen que sucesos como o de 1972 se volvesen a repetir.

500 MORTOS E 72 SUPERVIVENTES.

560 mortos e 72 superviventes nun accidente de avión en Tenerife.

27 de Marzo de 1977

A maior catástrofe da historia da aviación en España produciuse no aeroporto dos Rodeos situado en Tenerife o 27 de Marzo de 1977, concretamente ás 5 horas e 14 minutos.

Os avións sinistrados foron o KLM 4805, un voo da liña aérea holandesa KLM, que volaba dende o Aeroporto de Schiphol en Ámsterdam (Países Baixos) en dirección ao cercano aeroporto de Gran Canaria, e p PAA 1736, voo regular de Pan Am, que volaba dende o Aeroporto Internacional John F. Kennedy en Nova York, procedente do Aeroporto Internacional de Los Ángeles (Estados Unidos), hacia o aeroporto de Gran Canaria.

Hai 563 persoas mortas, cerca de 60 feridas de gravidade e o resto magulladuras.



Accidente dos Rodeos (Tenerife)



O DÍA DE SAMAIÑ

REDACCIÓN/ Iria Trashorras,
Ricardo Legaspi e Alexia Quintas

O Samaín vén a ser o antecedente europeo do Halloween americano. Curiosamente o cristianismo escolleu estas datas para celebrar o día de Todos os Santos e o día de Defuntos. Este día terrorífico disfrazámonos con pequenas caretas, comemos alimentos raros de Samaín, pintamos a cara e fixemos xogos moi divertidos. Para completar este día tamén decoramos as clases.




DÍA DO NADAL

REDACCIÓN/ Iria Trashorras,
Ricardo Legaspi e Alexia Quintas

Para rematar o primeiro trimestre fixémoslo con bailes, obras de teatro, cantamos... Nas obras de teatro disfrazámonos coas características dos personaxes de dita obra. Que sorte tivemos, pois os nosos familiares puideron vir vernos!!

Durante as vacacións de Nadal, como temos máis tempo para desfrutar dun bo libro, dende a biblioteca do cole, déronnos unha guía con pistas para axudarnos a atopar o libro axeitado e tamén para incluílo na lista de agasallos destas datas. Unha boa idea!!!



RosalíaTe no CEIP O Salvador

Irmáns defendendo o Día da muller traballadora

Redacción/ Iria Trashorras,
Ricardo Legaspi e Alexia Quintas

Desde fai moitos séculos viñase catalogando traballos de homes e mulleres.

Coma todos os anos, o 8 de marzo adícase ao día da Muller Traballadora e unha vez máis decatámonos que os traballos non están clasificados por ser homes ou mulleres.

Silvia e Miriam, dúas rapazas da Pastoriza, viñeron ao cole para contarnos a súa experiencia e explicáronnos que tanto as mulleres coma os homes podemos cociñar, andar en moto, xogar ao fútbol, pintar coches, planchar... Así é que, ambas dúas, tamén xogan en cadanseu equipo de fútbol (o Pastoricense e nun equipo do Lugo).

E non só isto, senón que ademais traballan de mecánicas: Silvia gañou o primeiro premio de pintura de coches entre doce rapaces e agora vai competir nun concurso a nivel Europeo.

E a súa irmá, traballa na oficina do taller e é a encargada de pedir as pezas necesarias para arranxar os vehículos.


Está é unha gran mostra da igualdade entre homes e mulleres.



Redacción/ Iria Trashorras,
Ricardo Legaspi e Alexia Quintas

O día 24 de febreiro é un día moi especial para os galegos xa que é o día da famosa escritora Rosalía de Castro, pois esta é a data do seu nacemento. A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) propón que nesta data todos os galegos e galegas agasallen cun libro e unha rosa. O lema escollido para este ano foi RosalíaTe.

No noso colexio, o CEIP O Salvador, rendémolle unha pequena homenaxe elaborando unhas máscaras de Rosalía coas que todos xuntos sacamos unha foto mentres dicimos a frase: “Todos somos Rosalía”. Ademais, nesa semana recitamos o poema “Adiós ríos, adiós fontes”, repartindo as estrofas entre os distintos cursos, e gravamos un vídeo coas máscaras mentres suxeitabamos cartolinas nas que estaban escritos os verso





O MAGOSTO

Redacción/ Iria Trashorras,
Ricardo Legaspi e Alexia Quintas

O venres 4 de novembro celebramos o magosto no cole comendo castañas e facendo xogos no pavillón.

Os xogos sempre os organizan os nenos e nenas de sexto curso, por ser os maiores, e fixeron algúns xogos como: o circuito, xogos co paracaídas, atopar algún obxecto na area... Ah, e xa se nos olvidaba! Cada neno trouxo unha cabaza decorada que expuxemos na entrada co cole. Aí vai unha foto, que opinades??



DÍA DA ÁRBORE

REDACCIÓN/ IRIA
TRASHORRAS, RICARDO
LEGASPI E ALEXIA QUINTAS



Portada do libro

O día 24 de marzo celebramos o día da árbore e da auga.

Para conmemorar este día fixémoslo plantando unha árbore no xardín do colexio, concretamente un ameneiro. Previamente, cada curso, pensou un nome para o ameneiro, que despois foi a sorteo e saíu elixido o de cinco anos de Educación Infantil, e polo tanto bautizámolo como "Xairo".

"Xairo" é unha árbore que habita nas zonas húmidas e ten usos medicinais (as súas follas son boas para os pés cansados ou picaduras de insectos) e artesanais (antigamente as usaban para facer zocos e eixes dos carros).

Estamos desexando velo medrar!





O ENTROIDO

Neste día viñemos todos disfrazados da casa.

Algúns disfraces de outros anos foron de deportes, de animais e este ano viñemos de películas e series dos anos 70.

Unha vez todos disfrazados fomos dar unha volta ata o Concello, e alí paramos a bailar e algunhas clases e a desfilar.

Despois seguimos o camiño ata que chegamos ao coleio.

Para rematar o día os nen@s de sexto, organizan unhas xogos nos que participamos todo o cole. Unha experiencia fantástica!



Decoración da entrada do cole cos "Peliqueiros"





O DÍA DA PAZ NO CEIP A PASTORIZA

Redacción / Iria trashorras, Ricardo Legaspi e Alexia Quintas

O día da Paz debemos celebralo cada día cos nosos actos, pero cada 30 de xaneiro conmemorámolo con diferentes actividades. Este ano fixemos un conto entre todos, vimos unha película, fixemos buscas de tesouros relacionados coa paz, gravamos un "lipdub" mentres soaba a canción "Bajo el mismo sol" dirixido por varios profes e tamén adornamos a entrada, como facemos con cada conmemoración.



Colocando as couas boas e malas no "Ying e Yang"



Na busca do tesouro



Decoración da entrada do colexio



DÍA DO LIBRO



REDACCIÓN/ IRIA
TRASHORRAS, RICARDO
LEASPI E ALEXIA QUINTAS

Para conmemorar este día fixemos diferentes actividades.

Unha delas foi, que tanto infantil como primaria, elaboramos dous libros, que se chaman: "OS PACIFISTAS" e "PERLA E A POMBA".

Cando rematamos, cada grupo fixemos a gravación correspondente e finalmente subimos á biblioteca para ver a presentación dos dous proxectos.

Outra actividade para conmemorar o día do libro foi que, durante toda a semana e no patio do recreo, tiñamos unha mesa con diversos libros adaptados á idade dos nenos e nenas de todo o cole. Esta actividade foi o "bibliopatio", é dicir, podiamos ler en calquera recuncho do patio.

Tamén, todos os nenos e nenas elaboramos unha pegada co nome do noso libro favorito para construír con todas elas un camiño dende a entrada do cole ata a biblioteca.





Concursantes e afección do Ecopreguntoiro

O ECOPREGUNTOIRO

Concurso para nenos e nenas de preguntas de diferente temmática

REDACCIÓN/ XOEL VIDAL, IRIA MÉNDEZ E NOA GARCÍA

Os nenos e nenas de sexto de primaria foron concursar a un programa de radio chamado Ecopreguntoiro. A emisora de radio que o emite é "Radio Voz".

Na primeira quenda do concurso gañaron contra un colexio de Pontevedra cun resultado extraordinario de 9-3. Así foi como pasaron a cuartos de final.

Un tempo despois, volveron a concursar contra un colexio de Cee, que obtiveron un resultado moi axustado, 5 a 6, é dicir, perderon pola pregunta rápida.

Foi unha pena, pero foi unha gran experiencia porque o pasaron moi ben xa que nunca concursaran nun programa do radio.

Moitas gracias a todos os que nos apoiaron e sabemos que o importante non é gañar, senón participar!!

Noraboa a os gañadores!



CASTO DE SAA

Visita a un xacemento arqueolóxico

REDACCIÓN/ XOEL VIDAL, IRIA MÉNDEZ E NOA GARCÍA

O pasado 28 de setembro visitamos o Castro de Saa, situado no noso concello, onde se está realizando unha escavación arqueolóxica.

Na nosa visita vimos tres murallas e subimos por unha costa ata chegar aos obreiros que estaban desenterrando unha casa.

Vimos carbón e cerámica e tamén tocamos unha moeda. Un traballador estaba facendo un plano cas medidas das pedras auténticas.

Dixéronnos que ían reformar a escavación para que así poidan atopar máis cousas Tamén nos contaron por onde pisaron os celtas.

Foi moi divertido e interesante saber dos nosos antepasados.

Esperamos volver a ir.





Alumnos del colegio O Salvador de A Pastoriza visitaron las instalaciones del diario El Progreso en Lugo

Alumnos de 4º, 5º y 6º del Ceip O Salvador de A Pastoriza visitaron ayer las instalaciones que el diario El Progreso tiene en el polígono lucense de O Ceao, donde se ubica su planta de impresión. Los chavales recorrieron la nave, guiados por personal técnico, encargado de explicarles cada uno de los pasos que se siguen en la elaboración de un periódico,

así como atender cada una de las dudas que iban surgiendo. La visita se enmarca dentro de un proyecto que El Progreso inició en el año 2008 con motivo de su centenario. Al finalizar la actividad, los estudiantes fueron obsequiados con un regalo por parte del diario como recuerdo de esta periodística jornada. EP

za un li
cualqui
de Aury
acaba de
temporal
experien
ducciones
Tampor
representa
te, la inter
con la que
puto la codi
preselección
genial porq
muchas gan
la elegida y
experiencia
Sobre el ba
relegada a la
en la edición
yay!, subray
conciencia
porta el núm
demo, sino
la actuación
Lorenzo,
mana partí
solidario
trada ahor
que llevar
como el
puesto y
fondos p
cancer

Noticia da visita no xornal El Progreso

VISITA A EL PROGRESO

Alumnos de A Pastoriza visitan as instalacións do Progreso en Lugo

REDACCIÓN/ Xoel Vidal,
Iria Méndez e Noa García

O luns 24 de outubro o alumnado de 4º, 5º e 6º curso realizamos unha saída escolar á cidade de Lugo.

Esa mañá puidemos visitar as instalacións do xornal El Progreso, situadas no polígono de O Ceao, e asistir a unha obra de teatro no auditorio Gustavo Freire.

Na nosa visita a El Progreso puidemos coñecer a historia deste xornal lucense e o seu proceso de elaboración e percorrer a planta de impresión, así como resolver moitas das dúbidas que nos ían xurdindo.

Tamén podedes ver algunhas das fotografías tomadas ese día, así como a noticia que se publicou no xornal do día seguinte con motivo da nosa visita.



Instalacións do Progreso



ACTOS NA CASA DA CULTURA DA PASTORIZA

Con motivo da celebración das Letras Galegas 2017 tivemos un contacontos e unha exposición sobre árbores senlleiras da Terra Chá

REDACCIÓN / Xoel Vidal, Iria Méndez e Noa García

Coma tódolos 17 de maio celebramos o día das Letras Galegas.

O día 16 celebrámolo no colexio e, entre outros actos, todo o alumnado do centro acudiu á Casa da Cultura da Pastoriza onde tiveron lugar varios actos durante a mañá. A primeira actividade que que tocaba era escoitar un contacontos. A rapaza que contaba os contos chámase Fátima, e relatounos tres fermosos contos aos que todos estivemos moi atentos. Tras un curto descanso, Ricardo Polín explicounos, con moito detalle, cales son árbores típicas da Terra Chá así como as lendas e historias que esconden cada unha delas.

Para rematar a sesión agasallaron aos relatores con un bonito reloxo de madeira.



Ricardo Polín na súa exposición sobre as árbores



Escoitando os contos de Fátima

Os nenos/as da Pastoriza participan nos Xogos da Mancomunidade

Carreira da mancomunidade

REDACCIÓN/ANTÍA
FERNÁNDEZ, JESÚS RIVAS E
IAGO SECO

O 5 de maio, en Outeiro de Rei, fíxose unha carreira d velocidade na que so podían participar as dúas persoas que máis corran de cada categoría.

Despois, fíxose outra proba na que participaron todos os participantes de cada categoría. Ao final da carreira deronnos un bocadillo, una mazá e unha botella de auga.



REDACCIÓN / ANTÍA FERNÁNDEZ, JESÚS RIVAS E IAGO SECO

Todos os anos se celebran os xogos da Mancomunidade da Terra Chá en distintos concellos que forman parte da mesma: Abadín, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza e Outeiro de Rei.

Nesta edición participaron uns 300 nenos e nenas.

Os xogos, constan de distintas probas como atletismo, baloncesto, tenis de mesa, fútbol e xadrez.

Este ano celébrase en Outeiro de Rei o día 13 de maio. Pola mañá fíxéronse partidos de baloncesto, tenis de mesa, xadrez e fútbol. Pola tarde haberá inchables e entrega dos premios.

Os nenos e nenas do CEIP o salvador participaron nestes xogos acadando os seguintes resultados:

- En atletismo, dúas alumnas foron as primeira e segunda clasificadas na proba de resistencia, e unha delas gañou a proba de velocidade, ambas na categoría benxamín.
- Na modalidade de tenis de mesa dous alumnos do noso cole gañaron na categoría benxamín.
- En fútbol, os compañeiros do noso centro quedaron terceiros nas tres categorías.



REDACCIÓN / ANTÍA FERNÁNDEZ, JESÚS RIVAS E IAGO SECO

Cada ano no circuito de karting da Pastoriza celébrase una proba do Campionato Galego de Karting.

O circuito consta de 1.200 metros de largo e 9 metros de ancho, e con 7 viraxes a dereita e 6 a esquerda. A recta principal ten 250 metros.

Este ano a proba puntuable do campionato celebrouse os días 25 e 26 de marzo, o día 25 tiveron lugar as verificacións e o 26 a competición.

Participaron las categorías: Alevín, Cadete, X30 y KX2.

JACOBO RODRÍGUEZ PENELAS. Adestrador do equipo feminino de fútbol sala da Pastoriza.

«Esa capacidade de compromiso e saber facer é admirable»

REDACCIÓN / ANTÍA FERNÁNDEZ, JESÚS RIVAS E IAGO SECO

Cando decidiches formar un equipo feminino de fútbol sala?

Cando tomei as rendas do equipo, este xa estaba formado. De feito ten sete anos de vida xa e polo cal pasaron outros dous adestradores. Foi un pouco anecdótico, posto que non contaba con ser adestrador do equipo feminino do meu pobo e para min é un honor.

En que categoría estades na liga?

Estamos na liga provincial feminina de Lugo.

Que esperades conseguir nela?

Actualmente rematou, onde fixemos unha primeira volta irregular sumando poucos puntos e unha segunda volta boísima sendo segundas por resultados. Unha mágoa a primeira volta para acabar nos postos de arriba. Agora estamos disputando a Copa provincial, onde nos atopamos no 3º posto, a un de poder pasar a seguinte ronda.

Cantos anos levas de adestrador?

A miña experiencia previa vén do fútbol base de nenos e nenas e deportes como o baloncesto ou o bádminton os 3 últimos anos. É a primeira ao fronte dun equipo de adultas e feminino ao completo.

Que é o que máis che gusta de ser adestrador?

Unha das cousas que máis me gusta é sentir a presión interna antes e durante os partidos. Pero máis alá do espírito competitivo e do posto que acadamos ou non na liga e copa está o factor humano e social. Participamos en actos benéficos para recadar xoguetes e roupa para os/as



máis desfavorecidos/as. E ese é un dos valores máis importantes deste deporte, a cooperación e solidariedade. Algo que tamén me gusta á hora de levar a cabo o meu traballo é que haxa unha serie de normas a cumprir por todas as integrantes do equipo, incluído eu. Ademais Esixome ter profesionalidade e cumprir uns horarios e realizar o traballo o mellor posible.

Gustaríache repetir a experiencia?

Por suposto que si. Xa só con todo o que aprendín con todas as compañeiras e compañeiros

que forman parte do equipo ao longo de todo este ano, xogadoras, seguidores, familias, novos amigos e amigas, axudantes... Pero por desgracia non depende só de min e, en función de onde viva o ano que vén, adestrarei ou non.

Cres que na Pastoriza hai un bo nivel de fútbol?

O nivel de fútbol na Pastoriza é bo. De feito, xa se comeza a traballar nas categorías inferiores e como sabedes moitos e moitas de vós vivides esa experiencia directa no día a día nas escolas deportivas

municipais. E algunha alumna do colexio e do instituto xa comezan a vir adestrar coas adultas e varias xa xogaron este ano. Pero o nivel tamén é bo nos pobos e vilas do arredor (Pol, Castro, Meira...), que por proximidade e falta de equipos nos arredores xuntáronse ao noso equipo.

O equipo conta co apoio suficiente do Concello?

O concello e a deputación aportan o seu grao de area, pero o fútbol feminino ata fai pouco estaba como no "olvido". O equipo comezou por iniciativa de tres rapazas con moitas ganas. Elas foron as grandes precursoras de que o nome do noso concello e a forza feminina da que gozamos se estenda por outras vilas da provincia e é unha forma máis de dar a coñecer o noso pobo. Ademais diso, organízanse diferentes ceas, sorteos e material de merchandising, que é de onde realmente veñen os ingresos. Tamén empresas patrocinadoras do equipo. Todo isto fai que sexa un orgullo ir co nome do teu pobo por toda a provincia ante vilas moito máis grandes e con moito máis poder económico e chegar a competir de ti a ti con elas.

Que é o que menos che gusta do teu equipo?

O que menos me gusta? Non sei que dicir, non podo elixir. O compromiso das rapazas é bo. Hai que entender que é un deporte que implica moito sacrificio, rapazas que estudan fóra, que traballan ata tarde, que teñen fillas... e aínda así buscan un oco para vir aos adestramentos. Esa capacidade de compromiso e saber facer é admirable. Días de inverno nos que o que menos apetece é saír da casa, días nos que a nena estivo enferma e só tes ganas de estar con ela, días nos que había que preparar o exame, días nos que había unha comida de amigas ou familiar...e a pesar disto, o compromiso prevalece.





Alumnado das EDM da Pastoriza.

Escolas Deportivas Municipais A Pastoriza co deporte

Nas escolas deportivas da Pastoriza practícanse diversos deportes despois da xornada escolar

REDACCIÓN / LORENA IGLESIA

Na Pastoriza, polas tardes, practicamos moitos deportes cos nosos adestradores Álvaro e Juanma.

Un deles é o fútbol, que adestramos martes e xoves de 15:50 a 17:00, tanto alevíns, coma benxamíns e prebenxamíns, é dicir, nenos e nenas de primaria.

De 17:00 a 18:00 adestran infantís e cadetes.

Grazas aos adestramentos xogamos unha liga de fútbol sala durante o curso. Nela quedamos segundos na categoría benxamín, na categoría alevín quedamos quintos, na categoría infantil quedamos cuartos e na categoría cadete quedamos sextos.

Coa categoría benxamín clasificámonos para o provincial onde quedamos

cuartos, perdemos contra a Ribeira de Piquín na semifinal

Outras actividades extraescolares

Os luns temos patinaxe e informática. En patinaxe facemos diversos xogos como a bruxa, as agochadas, a araña, o tutifruti... En informática agora estamos facendo un libro con diversas receitas de cociña.

Os venres imos á piscina de Vilalba a practicar natación, onde temos monitores que nos ensinan a nadar en diferentes estilos.

Os mércores pola tarde tamén hai manualidades no cole.

do provincial.

Tamén asistimos á copa e na mancomunidade e agora estamos adestrando para un torneo que será no verán, onde participaremos nas categorías infantil, alevín e benxamín.

Adestramos ao baloncesto, balonman, badminton, tenis de mesa e atletismo os mércores de 15:50 a 18:00.

En baloncesto participamos nos xogos da mancomunidade, onde na categoría benxamín, Raúl, Pablo e Lorena conseguiron o segundo posto, na categoría alevín Alex, Xairo e Lorena conseguiron o primeiro posto.

Agora estamos adestrando para un torneo que se celebra o 26 de maio, en que participa o equipo alevín, benxamín e infantil.

En bádminton Alex, Xairo e Lorena foron a un torneo de toda a Terra Chá, onde

conseguiron a medalla de prata e clasificáronse para o provincial, onde Alex e Xairo perderon nos octavos e Lorena nos cuartos.

En atletismo fomos a unha proba no segundo trimestre en que participaban nenos e nenas chairegos.

De moitos nenos e nenas participantes da Pastoriza clasificáronse para o provincial: Xairo na categoría alevín masculino, Lorena na categoría alevín feminino e Miguel na categoría cadete masculino.


Tamén participamos na mancomunidade, onde Andrea na categoría benxamín levou o ouro en velocidade e a prata en resistencia, tamén Sara levou o ouro en resistencia na categoría benxamín.

En tenis de mesa fomos a un torneo a Vilalba, e nel Raúl e José na categoría benxamín

fixéronse co ouro, Noa e Lorena fixéronse coa prata na categoría alevín e Alex, Xairo e Marco co bronce.

Noa, José, Lorena e Raúl clasificáronse para o provincial.





No CEIP O Salvador homenaxeán a Carlos Casares no Día das Letras Galegas

O alumnado de quinto e sexto fixo unha exposición sobre a vida e obra de Carlos Casares na biblioteca do centro.

REDACCIÓN / ALUMNADO

O HOMENAXEADO

O Día das Letras Galegas é unha celebración instituída en 1963 pola Real Academia Galega para homenaxear a aquelas persoas que destacasen pola súa creación literaria en idioma galego ou pola súa defensa de dita lingua. Cada ano dedícase a unha persoa diferente, escollida pola Real Academia Galega, tendo en conta que se exigen polo menos 10 anos dende o seu falecemento. Celébrase o 17 de maio.

Este día tan especial xa leva 54 anos celebrándose. O primeiro ano foi homenaxeada Rosalía de Castro e na actualidade Carlos Casares.

Familia de Carlos Casares

Carlos Casares naceu na rúa Cardeal Quevedo, o día 24 de agosto de 1941. Os seus pais

chámanse Francisco e Manuela e foi segundo de tres irmáns, Mercedes que é a maior e Xavier, o menor.

Cando tiña 3 anos mudáronse a vivir a vila de Ourense, Xinzo de Limia onde o seu pai traballaba de mestre.

Vida escolar

A nai de Carlos ingresou no seminario de Ourense, ao cabo de 5 anos foi bacharelato no instituto da cidade. A piques de rematar o instituto, e despois de ser premiado nun curso literario provincial, coñeceu a Vicente Risco co que participou no faladoiro do Café Parque, de Ourense. Alí coincide con moitos intelectuais artistas como Lorenzo, Tovar, Quessada...

Estudos

No ano 1962 comeza os estudos de filosofía e letras, na especialidade de filoloxía romántica na Universidade de

Santiago de Compostela.

Nesta época, en 1967, publica o seu primeiro libro “Vento ferido” composto por doce relatos xuvenís breves e con debuxos de Xulio Maside. A editorial que se fai cargo da publicación é Galaxia que Carlos dirixirá anos máis tarde.

Membro da Real Academia Galega

O 27 de maio de 1978 Carlos Casares ingresa na Real Academia Galega, converténdose, con 37 anos, no seu membro máis novo.

Na Real Academia intégrase nunha comisión para elaborar as Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego.

A vida política

Froito do seu traballo como deputado no Parlamento Galego apróbase a Lei de Normalización Lingüística. Impulsou tamén a creación do

Consello da Cultura Galega. Coa chegada da democracia, Casares quería para Galicia un Estatuto de Autonomía similar ao vasco e catalán.

O traballo cultural

Cando deixou o parlamento galego centrouse na cultura. Foi durante dezaseis anos director xeral da Editorial Galaxia, dende 1985, e foi presidente do Consello da Cultura Galega.

Premio “Celanova, casa dos poetas”

En 1995 foi galardoado co premio “Celanova, casa dos poetas” en recoñecemento ao seu labor na creación literaria galega.

“Lolo anda en bicicleta”

No ano 1996 a Editorial Galaxia publicou o seu libro: Lolo anda en bicicleta. Foi traducido en moitos idiomas: bable, catalán, euskera,

castelán e valenciano.

Acadou o premio “Rañolas” por ser considerado o libro mellor ilustrado do ano.

Un home moi activo

Compaxinou a dirección da editorial galaxia e a presidencia do Consello da Cultura Galega con outras actividades. Foi presidente de honra do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR) en Galicia, participou en encontros de escritores e diversos lugares do mundo, dirixiu os cursos de verán da Fundación Cela...

Carlos Casares falece en Vigo o 9 de marzo do 2002, poucas horas despois de entregar na imprenta a versión definitiva da súa novela “O sol daquel verán”. Foi enterrado en Nigrán (Pontevedra), onde residía coa súa familia.



REDACCIÓN / ALUMNADO

Obras da literatura infantil

1969: A galiña azul.
1973: As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas.
1983: O can Rin e o lobo Crispín.
1991: Este é Toribio, Toribio contra o profesor Smith. Toribio e o contador de contos.
1992: Toribio ten unha idea.
1994: Toribio revoluciona o tráfico.
1996: Lolo anda en bicicleta.

“Toribio e o contador de contos” foi editado por galaxia en 1991 e forma parte dunha serie de contos fantásticos: Este é Toribio, Toribio contra o profesor Smith, Toribio e

o contador de contos, Toribio ten unha idea e Toribio revoluciona o tráfico. Toribio ten que axudarlle á súa amiga Sara, inventora do Contador de Contos con Efecto Retardado, ante unha sabotaxe do profesor Smith.

En 1983, a Editorial Galaxia publica “O can Rin e o lobo Crispín”, que foi traducido ao catalán, euskera e bretón. O can Rin é moi especial, moitísimas son as marabillas que este can branco e peludo é quen de facer: conta historias coma ninguén, sabe falar en latín, toca o clarinete... Pero a mellor de todas é a que fala de cando Rin conseguiu que o lobo máis temible de todos, o lobo Crispín, lambese unha ovella.

“A galiña azul” publicouse no ano 1968 e está formado por cinco pequenas historias



entrelazadas.

A protagonista é Galiña Azul que en vez de dicir cacaracá di cocorocó e que ten cinco plumas encarnadas na á dereita.

EXPOSICIÓN

O martes 16 de maio, o alumnado e profesorado do CEIP O Salvador reuniuse na biblioteca do centro para asistir á exposición da vida e obra de Carlos Casares feita polo alumnado de quinto e sexto.

Ademais, proxectáronse dous vídeos, un deles protagonizado polo alumnado de cuarto curso de educación infantil sobre a obra “A galiña azul” e outro polos nenos e nenas de sexto de primaria sobre vocabulario deportivo en galego.



A CABALGATA DE REIS

A cabalgata de reis da Pastoriza celebrouse na “ladrillera” o cinco de Xaneiro de 2017.

REDACCIÓN / ESMERALDA ANELLO

O día cinco de xaneiro ás catro da tarde tivo lugar a cabalgata de reis. Todos os asistentes xuntámonos diante do Concello onde o alcalde, Primitivo, tirou uns caramelos dende o balcón para que todos os que estabamos agardando este momento máxico nos fose un pouco máis doce a espera. Un tempo despois, por fin vimos aparecer aos Reis Magos acompañados polos paxes nun bonito remolque decorado con adornos navideños. Este remolque estaba guiado por un tractor que conducía un voluntario. Acabada esta interminable espera empezou o desfile, acompañado por un grupo de música, pola estrada principal dirixíndonos cara a “ladrillera”.

Unha vez chegamos alí, os reis sentáronse nos seus respectivos tronos acompañados dos paxes.


Todos os nenos e nenas puidemos achegarnos a eles para saudalos e entregarlles as nosas cartas onde incluíamos os nosos soñados agasallos para recibir esa noite.

Ao mesmo tempo, cada Rei regalaba a cada neno unha mochilita con chuches.

Mentres tanto, os asistentes, podíamos degustar un delicioso chocolate quente con roscón.

Moitas gracias polo agasallo e noraboa á organización deste evento.

Agardamos con ilusión ata o próximo ano.



Cartel da cabalgata 2017

Leche FRESCA
1,5 litros

LEYMA
natura

NUEVO ENVASE TETRA EDGE
Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico



REIGOSA RECUPEROU A SÚA FEIRA

REDACCIÓN / LUCÍA
GARCÍA

A feira de Reigosa recuperouse grazas a Asociación sociocultural e medioambiental de Santiago de Reigosa. Despois de 70 anos sen celebrarse, celébrase o último sábado de cada mes. Cada mes faise un cartel e son distintos porque en cada feira aparte dos postos faise ou expónse unha actividade distinta como podedes ver nalgúnhas fotos que incluímos. Estas actividades son do interese de todos os veciños, tanto grandes como pequenos.



A Patrulla Canina visita Reigosa

Sen dúbida unha das actividades que máis gustou aos máis pequenos foi a visita da Patrulla Canina o pasado 25 de Febreiro, coincidindo co Entroido. Nenos e nenas de Pastoriza e arredores non quixeron perder a oportunidade de coñecer aos seus ídolos, facendo que esta edición da feira fose todo un éxito! Foi unha feira chea de ilusión e diversión para todos.





As pedras de Vián.

Había unha casa en Vián na que caían pedras a todas horas dentro da casa, de día e de noite. A xente que vivía naquela casa estaba desesperada e botábase fóra ante tales feitos, pero por desgraza nunca vían quen era o que tiraba as pedras e non daban atopado unha solución. Un día, o dono da casa xa cansado da situación decidiu confesarse e aprobeitou para dar unhas misas e dende iso nunca máis caeron pedras. Di a lenda que o que tiraba os croios era algunha alma en pena que vivía aínda dentro daquela casa de Vián.



O carteiro de Lagoa.

A lenda conta que un día que lostregaba e tronaba moito un carteiro de Lagoa viña de camiño á casa a cabalo polo Alto da Corda. Fixéraselle de noite e o cabalo parara de andar, polo que o home mirou que era o que pasaba e viu que un raio lle cortara a cabeza ao cabalo. O carteiro de Lagoa colleu a cabeza do chan, colocoulla ao cabalo e seguiu ata a casa sen problema. Cando chegou á casa e ía meter o cabalo na corte o cabalo non entraba e o carteiro deu en berrar con el. A muller saíu da casa e viu ao seu marido reñendo co cabalo, que seguía sen entrar na corte. Fixouse e viu que este tiña a cabeza do revés, co fucio cara arriba, e non podía entrar porque tropezaba coa porta.

O lendario da Pastoriza.

Son moitas as lendas que podemos atopar na Pastoriza, moitas delas referidas a aspectos da natureza, mentras que outras tratan historias máxicas que lles aconteceron aos seus veciños.

REDACCIÓN / ALUMNADO DE 5º DE PRIMARIA

Probablemente a lenda máis coñecida do noso concello e a de Fonmiñá, un lugar único do que brotan as augas do Río Miño. Contan os máis maiores da zona que Fonmiñá é un lugar máxico, xa que, segundo a lenda, existe un pobo sumerxido nas súas augas. Había quen afirmaba que os días de néboa se oían as campás tocar. É esta unha lenda moi semellante á que atopamos noutros lugares da Terra Chá, ou mesmo noutras zonas como a Bretaña francesa. Sen ir máis lonxe, na Lagoa de Cospeito tamén se di que hai unha cidade asolagada, a cidade de Valverde.

Mais non é esta a única lenda que atopamos en Fonmiñá. Dise que fai moito, moito tempo, unha parella de bois cun carro caeu nas súas augas. Na actualidade, igual que naqueles tempos, non se considera que haxa moita profundidade. Porén, os veciños miraron unha e outra vez aquel día e todos os seguintes, pero o carro e os bois endexamais volveron aparecer.

O Salto do Can

Conta a lenda que fai moito tempo a xente galega trataba moi mal os animais, principalmente os cans. Foi por iso que todos os cans de Galicia decidiron reunirse para falar do tema. Estes, cando viñan camiño da Pastoriza ían deixando os cús colgados dos carballos, así os lobos non podían atopalos porque non saberían onde quedarán. Cando chegaron ao Salto do Can chegou un grupo de lobos e comezaron a pelexar. Foi daquela cando un dos cans deu un salto tan grande tan grande que pasou por encima de todos e marcharon tan apurados que cada un colleu o primeiro cu que encontrou. Conta a lenda que é por iso que agora os cans andan cheirando os cús dos outros para ver se leva posto o seu.





Imaxes dos diferentes manxares

COMIDAS TÍPICAS NA PASTORIZA

REDACCIÓN / IRIA TRASHORRAS

O COCIDO

INGREDIENTES:

Garavanzos
Repolo ou outras verduras
Rabo, cachola, lingua, orella (de porco)
Patacas
Chourizo
1 xarrete de tenreira galega
Un pouco de unto
Lacón
Auga e sal

MODO DE FACER:

1. Dous días antes de facer o cocido, hai que poñer en remollo as partes de cocho salgadas, cambiando polo menos unha vez ao día a auga. Do mesmo modo, 12 horas antes deixamos en remollo os garavanzos.
2. Engadimos auga a unha pota, poñémola ao lume e cando empece a ferver botamos os garavanzos.
3. Deixamos que coza todo a lume medio na pota durante una hora y media ou dúas horas.
4. Vamos retirando a carne según se vaia facendo e quede tenrra.
5. Mentres imos preparando nunha bandexa toda a carne e agardamos ata que o cocido se acaba de facer.
6. Noutra cacerola cocemos os repolos, as patacas enteiras, un pouco de unto, e por arriba os chourizos.
7. E xa temos todo o cocido listo.

REDACCIÓN/ ANTÍA FERNÁNDEZ

ORELLAS

INGREDIENTES:

2 ovos pequenos
50 ml de anís ou augardente de caña
500 g de fariña de trigo
Unha pizca de sal (5 g.)
100 g de mantequilla ou manteiga de porco
120 g de azucre glass
A raiadura de un limón ou dunha laranxa(ao voso gusto)
100 ml. de auga morna
Azucre glass para espolvorear
Aceite de oliva virxe (para fritir as orellas)

PREPARACION DA MASA PAS ORELLAS:

- 1- Lavamos con auga a froita que eleximos para darlle sabor ás nosas orellas.
- 2- Raiamos a froita e reservamos unha pouca.
- 3- Nun bol votamos a auga morna, unha pizca de sal, a mantequilla derretida, a raiadura da laranxa ou o limón, o azucre, o anís e os ovos.
- 4- Batemos ata que nos quede unha crema sen grumos. Despois vamos botando a fariña de trigo pouco a pouco e primeiro removemos con varillas e despois a man.
- 5- Amasamos ata que nos quede una masa manexable. Dende que a amasamos deixámola en repouso 1 hora.
- 6- Cando reposou 1 hora xa está lista para fritir.

REDACCIÓN/ ALBA IGLESIAS

FILLOAS

INGREDIENTES:

3 ovos
Fariña
Auga morna
Unha pizca de sal

MODO DE FACER

Para a masa: mezclar a auga coa fariña, a pizca de sal e os ovos ata conseguir unha mezcla semilíquida.
Preparación das filloas: quentamos ben a plancha e con un cacho de touciño engrasámola.
Collemos un cazado da masa e verquémola na plancha, procurando que quede toda cuberta e que sexa o máis fina posible.
Despois de uns minutos, co coitelo, cortamos en catro partes a masa.
Esperamos a que pasen uns minutíños para que cozan e dámoslles a volta para que douren polo outro lado..
Sacámolas para un prato e deixámolas repousar un anaco e ...a comelas!!!
Suxerencia: tamén se poden envolver e facerlles un recheo.

AS NOSAS VIVENCIAS NO C.E.I.P O SALVADOR

O alumnado de sexto despídese despois de nove anos no colexio da Pastoriza

REDACCIÓN / ALUMNADO DE SEXTO

Danailys, Esmeralda, Pablo, Antía, Lucía, Noa, Alba Álex, Ricardo, Xairo, Jesús, Iria e Noelia imos relatar como foi o noso paso polo C.E.I.P O Salvador.

Este ano tócanos a nós a despedida e, despois de nove anos, recordamos unha morea de historias vividas con compañeiros e mestres. Prara iso imos empezar por partes. Con tres anos chegamos a aula de infantil. Alí fixémonos amigos aínda que algúns xa nos coñecíamos da guardería. A nosa profe chamábase Ana. Ana era alta, tiña o pelo rizo e o máis importante, sempre tiña un sorriso de orella a orella. Aprendemos algunhas letras, algún número e... a comer pegamento, cortar o pelo... Aos catro anos houbo unha ruptura: os de tres e algúns de catro anos quedaron nunha aula e outros de catro anos e cinco pasaron a outra. A pesar de estar separados, xuntábamonos para celebrar os nosos aniversarios, para xogar nos recreos, festas e celebracións.

Chegamos a ser os maiores de infantil con cinco anos e... por fin nos volveron a xuntar! Aquí acompañounos un neno de orixe marroquí chamado Hamza. Delegaron en nós moita responsabilidade pois,

cada día, un de nós tiña que ser o encargado, con funcións como: ir o primeiro na fila, revisar que a clase estivese en orde, poñer a data, controlar se estábamos todos ou faltaba alguén... Ademais todas as mañás sentábamnos no chan en semicírculo e contábamnos as cousas que nos pasaran o día anterior. A esta actividade chamábamnoslle "asamblea". En setembro comezamos o "cole dos maiores" con ilusión e nervios. A mestra Dona Herminia, o primeiro día de cole, mandounos que nos presentáramos dicindo o noso nome, apelidos, anos e lugar onde vivíamos. Ao longo do curso aprendemos moitas cousas e cando nos portábamnos mal (moi amiúdo) poñíanos un castigo: mirar contra a parede cas mans atrás, porque senón pintábamnos a parede con tizas ou lápices. Éramos uns auténticos terremotos!!!

Así de trastes chegamos a segundo e seguimos acompañados por Dona Herminia soamente o primeiro trimestre. A este tren subiuse unha nova compañeira, chamada Danailys e baixouse o noso compañeiro Hamza. Iria foi a nosa mestra ata rematar segundo. Como actividade de final de curso A Coruña. Esta foi a nosa primeira excursión máis lonxe da nosa casa. Na Coruña vimos o Acuario, a Torre de Hércules e xogamos

nun parque un par de horas e comemos un xeadito.

O verán foi divertido, coma todos, e volvemos ao C.E.I.P O Salvador con moitas ganas de iniciar o terceiro curso xa que este ano tocábamnos subir ao segundo andar. Durante este curso guiounos Pepe. Pasámolo moi ben e aprendemos moito, entre outras cousas a perfeccionar os nosos debuxos. Os que nos esforzábamnos en ter a libreta curiosa deixábamnos pasar a escribir en libretas cuadriculadas grandes de anillas. Cada unidade que empezábamnos facíamos unha portada na que incluíamos o título do tema e un debuxo relacionado coa unidade a tratar.



En cuarto continuamos co mestre Pepe e un novo compañeiro, chamado Jesús, acompañounos na nosa andaina ata o día de hoxe. Neste curso decoramos a clase con normas de convivencia as



cales tiñamos que cumprir, do contrario, había un castigo (quedarse sen recreo). Os compañeiros de sexto participaron nun programa de radio chamado "Ecopreguntoiro", no cal participaríamos nós dous anos máis tarde. Por ir a este concurso foron premiados cunha viaxe ao Aquapark de Cerdeda. Xa que os de quinto non puideron foi a nosa sorte... Nós fomos os que acompañamos a sexto!! Foi unha bonita experiencia e pasámolo xenial!!

Acordámonos de quinto coma se fora hoxe. Comezamos o primeiro trimestre cunha mestra chamada Natalia e despois incorporouse Remedios. Con Natalia fixémonos famosos, gravando o noso primeiro videoclip titulado "Al paso de cebra", contruímos un aparello dixestivo, decoramos a porta da aula coma se fose a casa de "Hansel y Gretel". Con Remedios melloraron as nosas notas e o noso comportamento xa que non tiñamos un suspiro para relaxarnos. Moito traballamos!!! E por fin un descanso... Chegou o ansiado verán.

Curso 2016/2017 é o último

ano e está a piques de rematar. Xa somos os maiores do colexio!!! Intentamos ser os "máis responsables" xa que nos sentimos obrigados a dar exemplo a todos os que veñen detrás, aínda que ás veces... as cousas vánsenos un pouco das mans. Chegado este día podemos dicir que foi un curso no que con esforzo e dedicación todo se pode conseguir. Participamos en moitos proxectos: o Ecopreguntoiro, traballos de naturais e sociais, traballos de investigación... e o máis laborioso o do 40 aniversario do colexio, que é a noticia estrela do periódico que estamos elaborando e no cal decimos incluir esta experiencia por coincidir coa nosa despedida do colexio. Ahhh, e aínda nos quedan varias excursións antes de rematar este curso, como son a visita ao Aquapark de Cerdeda e a viaxe á Ribeira Sacra. Podemos resumir esta andaina en tres palabras: traballo, esforzo e diversión. Desexamos moita sorte para os que quedan e desexámonos a mesma sorte para os que comezamos unha nova etapa no instituto. Bo verán para todos!!

Leche FRESCA
1,5 litros





LEYMA natura

NUEVO ENVASE TETRA EDGE
Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico



Atopa as 8 diferencias que hai na fachada do colexio



Busca na sopa de letras 8 palabras relacionadas co colexio

Cole

S	A	A	M	I	Y	Y	L	B	E	Q	L	Z	K	E	C
G	M	U	R	E	A	T	N	N	I	R	U	U	M	E	A
L	A	P	I	S	H	K	O	A	G	E	W	V	J	J	D
P	A	S	T	O	R	I	Z	A	S	G	Q	G	I	Z	E
L	I	B	R	O	S	Y	I	N	J	R	Y	M	O	Y	R
G	Z	F	V	R	T	S	Z	M	V	A	O	U	O	E	N
H	L	C	S	X	T	S	O	E	X	D	F	E	A	C	O
A	S	A	R	D	J	H	A	S	O	O	C	D	L	C	Y
U	K	D	H	E	E	C	E	A	T	B	K	M	J	J	O
H	E	E	Y	M	A	T	E	M	A	T	I	C	A	S	S
E	Y	I	L	T	S	I	Y	R	Y	A	T	D	L	H	X
I	N	R	W	Y	D	I	E	P	V	Q	Q	C	G	Z	W
R	Y	A	N	E	G	A	T	H	E	X	Y	U	Q	M	D
R	T	V	E	L	O	G	A	O	L	A	W	B	U	N	A
X	I	G	S	O	E	K	U	G	U	D	A	I	M	R	C
A	L	O	I	Y	W	M	B	O	E	O	L	B	V	I	T

cadeira
matematicas
lapis
regra
caderno

pastoriza
mesa
libros

Cole

S	A	A	M	I	Y	Y	L	B	E	Q	L	Z	K	E	C
G	M	U	R	E	A	T	N	N	I	R	U	U	M	E	A
L	A	P	I	S	H	K	O	A	G	E	W	V	J	J	D
P	A	S	T	O	R	I	Z	A	S	G	Q	G	I	Z	E
L	I	B	R	O	S	Y	I	N	J	R	Y	M	O	Y	R
G	Z	F	V	R	T	S	Z	M	V	A	O	U	O	E	N
H	L	C	S	X	T	S	O	E	X	D	F	E	A	C	O
A	S	A	R	D	J	H	A	S	O	O	C	D	L	C	Y
U	K	D	H	E	E	C	E	A	T	B	K	M	J	J	O
H	E	E	Y	M	A	T	E	M	A	T	I	C	A	S	S
E	Y	I	L	T	S	I	Y	R	Y	A	T	D	L	H	X
I	N	R	W	Y	D	I	E	P	V	Q	Q	C	G	Z	W
R	Y	A	N	E	G	A	T	H	E	X	Y	U	Q	M	D
R	T	V	E	L	O	G	A	O	L	A	W	B	U	N	A
X	I	G	S	O	E	K	U	G	U	D	A	I	M	R	C
A	L	O	I	Y	W	M	B	O	E	O	L	B	V	I	T

cadeira
matematicas
lapis
regra
caderno

pastoriza
mesa
libros


REDACCIÓN/ ESMERALDA
RODRÍGUEZ, ALBA FERNÁNDEZ E
NICOLÁS FERNÁNDEZ

REALIZA A SEGUINTE CRUZADA



CRUZADA

Completa a cruzada



Created with TheTeachersCorner.net [Crossword Puzzle Generator](#)

Horizontal

2. Persoa que explica a materia no cole
6. Lugar do cole onde están todos os libros
8. Obxecto no que se gardan as pinturas
9. Materia onde aprendemos as notas, cantamos e bailamos
10. Serve para ler

Vertical

1. Lugar do cole no que xogamos no tempo de lecer
3. Obxecto que está na parede de todas as aulas
4. Imparte esta materia a 'teacher'
5. Lugar do cole onde degustamos pratos exquisitos
7. Persoa que aprende e se divirte no cole

SOLUCIÓN

HORIZONTAL: mestre, biblioteca, estoxo, música e libro
VERTICAL: recreo, encerado, inglés, comedor e alumno

Os nenos e nenas de 5º e 6º curso do CEIP Salvador convértense en reporteiros

O alumnado dos dous últimos cursos de educación primaria participa no concurso Escola de Prensa

REDACCIÓN / REPORTEIROS DA PASTORIZA

Os nenos e nenas de quinto e sexto do colexio pastoricense convértonse por uns meses en xornalistas.

Baixo o nome de Reporteiros da Pastoriza elaboraron un xorna coa dirección das súas mestras.

O alumnado afirma que foi unha gran experiencia porque o pasou moi ben, aínda que admiten que lles deu moito traballo.

Están orgullosos do traballo realizado e alegres de que despois de tantas horas de esforzo ao fin estea rematado. Foron moitos días buscando información, recordando experiencias, entrevistando a distintas persoas, etc.

Exercendo de "xornalistas" aprenderon moitas cousas, sobre todo, o importante que é non dar por boa calquera información que chegue ás nosas mans, posto que hai que contrastalo todo.

Descubriron tamén o complicado que é ser un bo xornalista e o difícil que resulta elaborar un periódico completo, sendo a maquetación unha das cousas máis complicadas.



Leche FRESCA
1,5 litros



LEYMA
natura

NUEVO ENVASE TETRA EDGE
Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico

